



CONVOCATORIA

“VIII EDICIÓN PREMIO AMJE EMPRENDE”

Pola presente convocatoria establécese a dotación en premios e o prazo de presentación de candidaturas para participar na VIII Edición do Premio AMJE Emprende 2007, e modifícase a Base Séptima “Propostas e prazo de presentación de candidaturas”.

Dotación dos premios e Prazos.

A dotación en premios estará repartida en tres galardóns: 1º premio, 2º premio e 3º premio, que consistirán en:

- 1º Premio: Máster MBA Executive ITE Caixa Galicia
- 2º Premio: Ordenador portátil
- 3º Premio: Agenda electrónica

Ademáis entregarase un obsequio a cada empresa participante, como recoñecemento polo seu traballo.

O prazo de presentación de candidaturas abarca desde o 15 de setembro ata o 15 de outubro de 2007 ás 19 horas.

A cerimonia de entrega dos galardóns terá lugar o 25 de outubro de 2007 ás 20.30 horas no Palacio Municipal de María Pita en A Coruña.

Modificación da Base Séptima “Propostas e Prazo de Presentación de Candidaturas”.

Onde di:

“Deberán presentarse 12 copias da documentación debidamente encadernadas na sede da Asociación de Jóvenes Empresarios Marineda - AJE Marineda, Parque de San Diego s/n, Centro Cívico Municipal, 3ª Planta, 15006 - A Coruña. Tamén será válida a presentación mediante remisión por correo certificado á dirección mencionada anteriormente. O prazo de presentación das candidaturas establecerase mediante convocatoria pública a través da web da asociación”.

Queda redactado da seguinte maneira:

“Deberán presentarse **15 copias** da documentación debidamente encadernadas na sede da Asociación de Jóvenes Empresarios Marineda - AJE Marineda, Parque de San Diego s/n, Centro Cívico Municipal, 3ª Planta, 15006 - A Coruña. Tamén será válida a presentación mediante remisión por correo certificado á dirección mencionada anteriormente. O prazo de presentación das candidaturas establecerase mediante convocatoria pública a través da web da asociación”.